

HABILIDADES SOCIAIS: TRANSITO A VIDA ACTIVA

Nivel de referencia (1º e 2º ESO) e tamén 3º e 4º

TEMA: A FORMACIÓN NECESARIA NO MUNDO DO TRABALLO

OBXECTIVO: TOMAR CONCIENCIA DA FORMACIÓN NECESARIA PARA TRABALLAR E DA MANEIRA DE EXPRESALO.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Esta actividade pode realizarse de dúas formas con e sen información previa

Sen información previa:

Os alumnos agrúpanse por equipos de 5, plantéxalles unha situación hipotética: “ Teñen que deixar de estudar e poñerse a buscar traballo pois a súa familia pasa un importante bache económico, non importa de que, o principal é traballar , así píos cada un deberá decir o que sabe facer , como o faría, e o tempo que está disposto a traballar”

O resto dos alumnos do grupo escoltan e poñen unha nota de 1 a 10 sobre estes tres aspectos: O que saben, como o farían e o tempo que traballarían:

Con información previa(informárase en internet sobre unha determinada profesión, e valorarásese o que cada alumno aporta dos requisitos que se piden no exercicio desa profesión, os avaliadores terían a ficha da profesión, e cada alumno pode elixir o traballo ao que se presenta)

MATERIAL:

-Papel e lápiz para os avaliadores e tamén unha ficha de avaliación.

-Material escrito ou ben en soporte informático sobre as profesións ou traballos que elixiron.(Serán profesións non cualificadas pois partimos de que non teñen a ESO e para conciencialos da necesidade de formación)

Este mesmo exercicio pódese realizar en 3º e 4º da ESO coa variante de buscar traballos cualificados ou ben de FP ou Universitarios, previo búsqueda de información por internet sobre a formación necesaria, cualidades dos aspirantes a ese posto , saídas profesionais etc.

HABILIDADES SOCIAIS: TRANSITO A VIDA ACTIVA

Nivel de referencia (1º e 2º ESO) e tamén 3º e 4º

TEMA: A IMPORTANCIA DE FACER PREGUNTAS

OBXECTIVO: TOMAR CONCIENCIA DA IMPORTANCIA DE FACER PREGUNTAS PARA MELLORAR A COMUNICACIÓN EN CALQUERA AMBIENTE DE TRABALLO..

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Esta actividade pode realizarse en tódolos niveis da ESO debido a súa simplicidade e a importante experiencia que nos aporta a mesma.

Para que comprobar a importancia de facer preguntas nunha actividade moi simple, faran grupos de 2 e un compañeiro/a describirá un debuxo e o outro/a debera facelo nun recadro de medio folio pero sen preguntar nada. No recadro de abaixo do folio farás o mesmo debuxo pero preguntando. (Observade a diferenza de realización)

MATERIAL:

-Papel e lápiz . Folio dividido en dous recadros grandes.

HABILIDADES SOCIAIS: TRANSITO A VIDA ACTIVA**Nivel de referencia (3ºESO)****TEMA: ELABORACIÓN DUNHA CARTA DE PRESENTACIÓN****OBXECTIVO: SABER EXPRESAR ESO QUE É NECESARIO E SABER DEFENDELO ORALMENTE.****DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:**

Esta actividade precisa que os alumnos por grupos de tres escollan unha profesión e elaboren un dossier sobre a mesma. Despois cada un deles realizará unha carta para solicitar traballo nese campo. Finalmente comentarán o que teña escrito cada un e elaborarán unha carta entre os tres. Finalmente cada representante do grupo fará a súa presentación ao gran grupo a leerá e os compañeiros poderán facerlle preguntas sobre o escrito na carta. Finalmente elixirase por votación a carta mellor presentada e defendida.

MATERIAL:

Papel e lapis para elaboración da carta

Información escrita ou en soporte informático sobre as diferentes profesións.

Páxinas web para que consultes cartas de presentación etc.

HABILIDADES SOCIAIS: TRANSITO A VIDA ACTIVA**Nivel de referencia (4ºESO)****TEMA:** ELABORACIÓN DUNHA ENTREVISTA DE TRABAJO**OBXECTIVO:** SABER EXPRESAR ESO QUE É NECESARIO E SABER DEFENDELO CORRECTAMENTE.**DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:**

Esta actividade precisa que os alumnos por grupos de tres escollan unha profesión e elaboren un dossier sobre a mesma. Despois cada un deles realizará unha entrevista para solicitar traballo nese campo, un fará de entrevistador outro de entrevistado e outro de observador(este anotará todo o que ocorre na entrevista). Finalmente comentarán o que teña escrito e elaborarán unha lista de erros máis frecuentes. Finalmente farase unha representación ao gran grupo e analizaráse a mesma.

MATERIAL:

Papel e lapis .

Información escrita ou en soporte informático sobre as diferentes profesións.

Páxinas web para consultes sobre entrevistas de traballo, videos etc.

HABILIDADES SOCIAIS: TRANSITO A VIDA ACTIVA

Nivel de referencia (4ºESO)

TEMA: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS NO AMBIENTE DE TRABAJO**OBXECTIVO:** SABER EXPRESAR ESO QUE É NECESARIO E SABER DEFENDELO CORRECTAMENTE. SABER NEGOCIAR**DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:**

Actividade en grupos de 5 se lle da un suposto: “Negocia as horas extra que vas traballar neste mes”

Pasos:

- 1.-Decide se ti e outra persoa tendes diferenza de opinións
- 2.-Dille a outra persoa o que pensas sobre o problema en cuestión
- 3.-Pregúntalle a outra persoa o que pensa
- 4.-Escoita a súa resposta
- 5.-Pensa nos puntos en común
- 6.- Suxire un acordo tendo en conta todas as opinións posibles.

Presentación dos mesmos ao grupo

MATERIAL:

Mesas de 4 ou 5 alumnos

Papel e lápiz. Realización de acordos .

HABILIDADES SOCIAIS: TRANSITO A VIDA ACTIVA

Nivel de referencia (4ºESO)

TEMA: RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS NO TRABAJO

OBXECTIVO: SABER NEGOCIAR

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Plantexamoslles un suposto a toda a clase e resolven individualmente por escrito despois expone en alto e se chega a elixir entre todos a mellor negociación.

Suposto:

No lugar onde traballas hai moi pouca iluminación, ti xa o comentaches con alguén en moitas ocasións,pero todo sigue egoal e ti estas traballando a disgusto.debes melloralo para que o teu rendemento laboral non se vexa afectado e traballes satisfactoriamente.

Escribe as seguintes fases:

- 1.-Cal é o problema
- 2.-Solucións posibles, escribe tres como mínimo.
- 3.-Adiantate as posibles consecuencias de cada unha delas.
- 4.-Toma unha decisión coa solución que atopas máis válida

MATERIAL:

Papel e lápiz. Realización de acordos .